



MOLINA JOSEFINA

COLÓQUIO CON

Presenta

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

ENTRADA GRATUÍTA

ÁGORA

PROXECTO CULTURAL
LOCAL

AUDITORIO DO CENTRO ÁGORA
A CORUÑA

+info en:

www.academiacalegadaaudiovisual.com

Tamén podes seguirmos

na páxina de **Facebook** da Academia



Organiza:

⟨ A ⟩
ACADEMIA
GALEGA
DO AUDIOVISUAL

Colabora:

A C A D E M I A D E L A S
A R T E S Y L A S C I E N C I A S
C I N E M A T O G R Á F I C A S
D E E S P A Ñ A

Patrocina:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

presenta

COLOQUIO CON JOSEFINA MOLINA



16:30h
PRESENTACIÓN

16:45h
PROXECCIÓN DE
"ESQUILACHE"
(1988)

18:30h
COLOQUIO COA CINEASTA
JOSEFINA MOLINA,
GOYA DE HONOR
2012

Nace en Córdoba e é a primeira muller que consigue o título de Director-Realizador na Escola Oficial de Cinematografía de Madrid.

TV

En 1964 inicia a súa traxectoria profesional en Televisión Española como realizadora e guionista. Dirixiu obras para "Estudio 1", "Teatro de Siempre", "Hora 11", "Cuentos y leyendas", "Los libros", "Los Pintores del Prado" e "Esta es mi tierra", entre outros. En televisión dirixiu destacadas producções como "El Camino", con guión seu e de Jesús Martínez León baseada na novela de Miguel Delibes, pola que obtivo en 1978 o premio "Praga de Oro" á Mellor Dirección, no Festival de Televisión de Praga; ou "Teresa de Jesús" en 1982/8, con guión seu, de Carmen Martín Gaite e Víctor García de la Concha, serie de oito horas de duración, que foi vista en cedas de televisión de case tódolos países. En 1997 dirixe a serie "Entre Naranjos" para TVE, con guión seu e de Jesús Martínez León, sobre a novela de Blasco Ibáñez.

TEATRO

Debuta como directora teatral en 1979 cunha versión (na que participou) da novela de M. Delibes "Cinco Horas con Mario". Para teatro dirixiu, entre outras, "Las últimos días de Emmanuel Kant contados por E.T.A. Hoffman", de Alfonso Sastre en 1989.

CINE

En 1973 dirixe a súa primeira película "Vera, un cuento cruel", seleccionada polo Festival Internacional de Cine de San Sebastián dese ano. Entre os seus traballos de dirección destanclar películas como "Función de Noche" (1981), seleccionada polo Museo de Arte Moderno de Nova York e por festivais internacionais, entre eles Londres e San Sebastián; "Esquilache" (1988) que obtivo o Premio á Mellor Película no Festival de Biarritz de 1989 e o Premio á mellor Dirección no Festival Latino de N. York de 1990; "Lo más natural" (1990) e "La Lola se va a los puertos" de Manuel e Antonio Machado (1993), as súas últimas películas.

OUTROS PREMIOS E RECOÑECIMENTOS

En 2011 recibiu o premio Mujer de Cine, que outorga o Instituto da Muller, e na actualidade, é presidenta de honra da Asociación de Mulleres Cineastas (CIMA). Ademais, tamén recibiu de man da Academia das Artes e as Ciencias Cinematográficas de España o Goya de Honra 2012.